

A portrait of Julia Carballo Rodríguez, a woman with short, wavy grey hair, smiling warmly. She is wearing a patterned green and yellow top and a light beige scarf. The background is a blurred blue and grey.

*Quero ser
investigadora*

Universidade de Vigo

5

**Julia
Carballo
Rodríguez**

QUERO SER INVESTIGADORA 5 | Julia Carballo Rodríguez

Edición

Unidade de Cultura Científica e
da Innovación da Universidade de Vigo

Dirección

Mónica Valderrama Santomé

Revisión lingüística

Área de Normalización Lingüística
Eva María Castro Figueiras
María Cristina Rodríguez Ricart

Impresión

Tórculo Artes Gráficas
Vigo, 2025

D.L

VG 291-2025

ISBN

978-84-1188-063-3

Autora das fotografías

Charo Lopes

© Universidade de Vigo

Coa colaboración da Fundación Española
para a Ciencia e a Tecnoloxía (FECYT),
Ministerio de Ciencia, Innovación e
Universidades

Julia Carballo Rodríguez

Cando era pequena
non soñaba con ser científica.
Nacín no campo e
axudaba aos meus pais coas vacas.
Recordo levar as vacas ao prado
e ler mentres observaba a contorna.
Gustábame observar a natureza e ler,
pero na miña casa non había moitos libros.
O primeiro libro que recordo ler
era unha **historia mitolóxica**
sobre o pobo vasco.

Mitoloxía

Conxunto de historias e lendas de diferentes culturas que explican a orixe do mundo, a natureza e os deuses.

Son relatos cheos de aventuras, heroínas, monstros e maxia que foron contados de xeración en xeración.

Por exemplo o mito grego do Minotauro, que é un monstro con cabeza de touro e corpo de home, que vivía nun labirinto ata que o heroe Teseo conseguiu vencelo coa axuda de Ariadna.

Por que decidiches dedicarte á investigación?

No instituto gustábanme moito a bioloxía e os idiomas.


Pensei en estudar medicina, pero non entrei na carreira.

Despois, por casualidade, ofrecéronme realizar unha investigación en **microbioloxía**, e gustoume tanto que decidín seguir ese camiño.

Que son os microorganismos?

Son seres vivos que non vemos, pero que están en todas partes.

Algúns causan enfermidades, outros axudan a fabricar alimentos como o pan e o queixo.



Microbioloxía

Ciencia que estuda os microorganismos, que son seres moi pequenos que non se poden ver a simple vista.

Para que serve?

Medicina: Axuda a crear vacinas e antibióticos.

Alimentación: Úsase para fabricar queixo, iogur e pan.

Medio ambiente:

Algunhas bacterias axudan a limpar ríos e solos contaminados.

A microbioloxía é importante porque nos axuda a coñecer o mundo invisible que nos rodea e a usar os microorganismos para mellorar a nosa saúde e a vida diaria.


Cal é o maior reto da microbioloxía?

A relación entre microorganismos,
medio ambiente e saúde.

Hai que entender mellor os
microorganismos
para evitar novas enfermidades.

Cal será o próximo gran avance en microbioloxía?

Novos antibióticos ou
o uso de virus para
tratar infeccións resistentes a antibióticos.



Por que é importante divulgar a ciencia?

Para que a xente saiba
o que facemos nas universidades e
valore o noso traballo.

Tamén para dar referentes e
motivar a novas xeracións a estudar ciencia.

Que é o proxecto MicroMundo?

Un proxecto de ciencia cidadá onde estudantes buscan microorganismos que poidan producir novos antibióticos. Tamén educamos sobre o perigo da resistencia aos antibióticos.

Que falsa crenza sobre a ciencia tes que desmentir máis a miúdo?

Que as **vacinas** non son efectivas. Hai evidencias de que salvaron millóns de vidas ao longo da historia.



Vacina

Medicamento que axuda ao corpo a defenderse das enfermidades, ensinándolle a loitar contra virus e bacterias.

Axudan a protexer non só a quen a recibe, senón tamén ás demais persoas.

Grazas ás vacinas, enfermidades perigosas case desapareceron no mundo.



eXXperimenta en feminino

Feira científica
que se desenvolve en Ourense,
con obradoiros científicos e
tecnolóxicos
guiados por mulleres
do Campus de Ourense
nos que pode participar
o estudiantado non universitario.

Como queredías ser lembrada?

Gustaríame que quedara algo do traballo feito
en proxectos como **eXXperimenta en feminino**,
na divulgación científica e no impulso de máis
mulleres na ciencia.

UniversidadeVigo

Unidade de Cultura Científica
e da Innovación (UCC+i)

Vicerreitoría de Comunicación
e Relacións Institucionais

Coa colaboración de:



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE CIENCIA, INNOVACIÓN
Y UNIVERSIDADES

